

SEGREDO TRAS A PORTA

1148

Fritz Lang, 1947

ESTREA EN NUMAX: 07.08.2023 | V.O.S.E. | 99 min

Celia, unha rica herdeira, coñece a Mark, un home atractivo e misterioso. Namoran e poucos días despois casan. A medida que Celia vai coñecendo a vida do seu marido, empeza a sospeitar que oculta segredos que ela nin sequera pode imaxinar.

«A dirección de Lang é maxistral»

Tom Milne, TIME OUT



Eros e tánatos

Por Rosa Gutiérrez

A psicanálise divúlgase nos EEUU na década dos 40, coincidindo cos anos de eclosión e apoxeo do cinema negro, e será precisamente a través deste xénero como se infiltre en Hollywood. Coincidencia temporal ou confluencia inevitable, o certo é que o cinema negro tiña aboado o terreo para a penetración psicanalítica. Filmes sobre paixón, crime e a inevitabilidade do destino, o que en linguaxe freudíá se traduciría por pulsión erótica e pulsión tanática, o determinismo dos instintos, a fatalidade: eros e tánatos, representados nas figuras arquetípicas da *femme fatale* e o gánster, tramas edípicas ou, o que é o mesmo, o conflito entre o desexo ou o principio de pracer e a lei, autoridade paterna, o principio de realidade; e unha estética de luces e sombras que subliñaba a dualidade entre o instinto e a razón e as fronteiras non sempre claras entre o ben e o mal, a moral supeditada ao goberno dos instintos. Con todos estes ingredientes, era inevitable que o *noir* se contaminase da psicanálise: o gánster psicoloxízase, os crimes recóbreanse de pataloxías, o criminal convértese en doente e o detective en terapeuta. Neste proceso a psicanálise pasa a ser o McGuffin, o fío co que desenguedellar as pataloxías criminais e, a través da análise dos soños e das fobias, chegar ao porqué dos comportamentos delitivos, agora alicerzados nos traumas infatís.

Segredo tras a porta (1947) enmárcase dentro da tetraloxía *noir* (xunto con *A muller do cadro*, *Perversidade* e *A casa do río*, que Lang realiza nos anos 40 e participa deste proceso de psicoloxización do cinema negro por influencia da psicanálise. Pero tamén se encadra na filiación do melodrama gótico herdeiro de *Rebecca* (Alfred Hitchcock, 1940) e outros filmes de época como *Luz que agoniza* (George Cukor, 1944), *O castelo de Dragonwyck* (Joseph L. Mankiewicz, 1944) ou *Pacto tenebroso* (Douglas Sirk, 1948).

Filmes sobre heroínas mozas e inxenuas casadas con heroes byroniáns, posuidores de sinistras mansións familiares habitadas polas pantasma do pasado, experimentando un proceso de desterro, reclusión e alienación. Neles, a metáfora arquitectónica convértese nun elemento chave, a residencia familiar vira sinistra, (*unheimlich*), o espazo doméstico convértese nunha topografía da torturada mente do seu propietario, cos seus elementos irracionais e reprimidos, e os cuartos selados ou prohibidos dan acubillo aos escuros segredos dos seus maridos. O filme de Lang é unha revisión do conde de Barbablava e do mito de Pandora, onde a curiosidade feminina e a transgresión da prohibición desencadea a catarse e a curación polo método do shock: atopada a chave do enigma as portas abren, a mente desbloquéase e o esposo libérase das súas obsesións.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Fritz Lang. La telaraña del destino,
Usón Forniés Fernando.
Libros Walden, 2021

Perversidad,
Fritz Lang.
Versus [DVD]

La casa del río,
Fritz Lang.
Adso Films [BD]